

PEZA DO MES

febreiro

2003



CABEZA DUN VERRÓN

SÉC I A.C.-I D.C.
GRANITO

A TALLA, ESPLÉNDIDA, DESTA PEZA ABRE UN ABANO DE SUXERENCIAS, ARTÍSTICAS DE HISTÓRICO-ARQUEOLÓXICAS SOBRE O XACEMENTO E O TERRITORIO DA SÚA PROCEDENCIA, AS TERRAS DE VIANA.





CABEZA DUN VERRÓN

Alá polo ano 1947, Laureano Prieto fixolle chegar a Xesús Taboada Chivite a noticia da existencia desta peza no lugar de Bembibre, e pouco despois, quen a daba a coñecer nunha nota no Archivo Español de Arqueoloxía do ano seguinte e paralelamente nun artigo máis extenso nos Cuadernos de Estudios Gallegos, engadindo a esta as noticias sobre outras dúas moi semellantes aparecidas no Casteliño (Castrelo do Val) e en Florederrei Vello. En pouco tempo, as súas xestións e o empeño do enton director do Museo, don Basilio Osaba y Ruíz de Erechún, permitiron o ingreso da peza no Museo, rescatando a que, ata hoxe e xuntamente coa peza de Paderne, é a máis emblemática das representacións animais da cultura castrexa e a testemuña máis evidente da que Taboada Chivite, e con il López Cuevillas, definiron coma a mostra da incidencia da cultura dos verracos na cultura castrexa, e que aínda hoxe se mantén coma tal, a pesares das razonadas matizacións que fai Calo Lourido.

Trátase dunha peza granítica, cunhas dimensións máximas de 73 x 17 x 20, das que a representación da cabeza do verrón corresponde a un extremo, cunha lonxitude de 27 cm, ficando o resto apenas traballado, con feitura de sección cuadrilonga, afeito para empotrar nunha parede, sen traza doutros riscos figurados. A peza presenta unha rotura no borde esquerdo da boca, marcada por un risco profundo e continuo, rotura que non a desfigura nen mingua a calidade da súa factura, coidada en tódolos detalles: furados nasais do fouciño, protuberancias supraorbitais,

rasgado sinxelo dos ollos. As orellas caen por cadanseu lado da cabeza, simétricas, e no pescozo, unha moldura sinxela destaca a cabeza do corpo da peza sen traballar.

Cando se deu noticia dela estaba na parede dunha casa de Bembibre, pero totalas informacións o atribuían ó inmediato xacemento coñecido coma Vila de Sen ou o Eirexario, do que proceden tamén, segundo Ferro Couselo, un relevo cunha figura humana e outros elementos arqueolóxicos. A natureza e carácter do xacemento foi obxecto de certas discusións e ata data ben recente carecíase dunha aproximación topográfica, pero os traballos de Xusto Rodríguez o definiron con plenitude, e servireime da súa descripción para presentalo, xa que axuda a súa comprensión e prantexa os problemas que están na orixe do debate sobre a peza. “ O xacemento localízase a media ladeira e no extremo oriental dunha chaira que, a xeito de espolón, proven da Cima da Cruz, ocupando ademais unha posición intermedia na bacía do río Camba, na súa vertente esquerda. Consta dun recinto superior a xeito de croa de morfoloxía oval e con orientación SO-NE, delimitada e defendida no sector oriental por un talude mentres nas restantes áreas faino a través dunha muralla con derrubas de catro metros de ancho. Polo NE e E da croa delimitáanse, mediante taludes e paramentos pétreos, cando menos tres recintos, algún con paramento ciclópeo. O xacemento ocupa tamén o sector situado ó NO, O e S da croa, nunha área actualmente roturada, case chaira e no que se advirten numerosos fragmentos de tégula en superficie. O acceso á croa facíase a través dunha simple interrupción



VISTA XERAL DO XACEMENTO.



DETALLE DA ZONA DA CROA.

da muralla oeste, se ben para protexe-la dita porta colocouse un bastión ou parapeto dianteiro que obriga a facer unha entrada lateral dende o sudoeste. Neste mesmo sector e integrados na derruba da muralla consérvanse os restos de dúas construcións angulares que popularmente se relacionan coa “eirexa vella” e cun “antigo cementerio”, e destes ector proceden algunhas caixas pétreas de sartego reutilizadas coma bebedoiros de gando na aldea de Bembibre”. Óllase que, ofrecendo unha topografía propia do mundo castrexo, os materiais de superficie e a tradición revelan unha continuidade poboacional ampla, o que suscita o debate sobre o momento cultural máis axeitado para a adscripción da cabeza do verrón, e outro tanto acontece co xacemento de procedencia doutro dos verróns entón publicados, o de Florderrei Vello. Tamén eiquí os restos localizados nos falan da continuidade poboacional, e, a carón da grande porta con recios muros de canteiria descubertos ó abriren a pista polos anos oitenta e todavía visibles, os materiais de superficie e as descubertas dunha necropolis de inhumación con inscricións, moedas e cerámica romana evidencia a continuidade que ten o seu contrapunto nalgúns materiais que semellan do bronce final. E outro tanto acontece cos xacementos de procedencia doutros exemplares de cabezas animais, como é o caso do zamorano de Villardiegua de la Ribera.

Obviamente, nun primeiro momento - e segue pesando o paralelismo- relacionaronse as figuras coas dos verracos, da inmediata área vetona e coa plástica prerromana ou dos comezos da conquista, aínda que a renglón seguido suliñáanse as diferencias. Así o fai Taboada, e con il Cuevillas, e practicamente tódolos que tratan do asunto con posterioridade ó examinar o tema dos verracos (J.R. dos Santos Junior, R. Martín Valls, F. Diego Santos, G. López Monteagudo ou J.R. Álvarez-Sanchís) e tan só Calo Lourido establece matices diferenciadores. Efectivamente, Taboada establece que istas

pezas representan a influencia dos verracos, coma parte do grupo trasmontano, no Noroeste, para a renglón seguido vencellalas coma unha introducción céltica, cun valor significativo diferente ó que teñen en sí os verracos e considerándoa posteriores ós grupos meseteños do círculo das Cogotas, coma propios dos primeiros tempos da romanización.

Outra faciana do debate é o seu valor indiciario verbo dos lindes da cultura castrexa, que axudan a Esparza, seguindo a Martín Valls, a integrar o territorio zamorano, ata o Esla, dentro da cultura castrexa, namentras Calo, seguindo as primeixenias aportacións de Cuevillas e os mesmos feitos aportados por Esparza pero reinterpretándoa con outro senso, as considera ó marxe, coa súa propia singularidade. Pola nosa parte, pola análise estilística, consideramos que a peza forma parte dun grupo específico dentro do ámeto da plástica, marcando diferencias coas formas e expresións propias do castrexo e das representacións animalísticas do seu ámeto, e coidamos que a súa cronoloxía pode establecerse en torno ó cambeo de Era, pero a definición xeral dos contextos e caracterización arqueolóxica de todo o sector precisarán das intervencións arqueolóxicas de campo -hoxe esvaidas en Galicia, que non nas veciñas Zamora ou León- co fin de establecer a súa integración, como indica Esparza, ou diferenciación, coma quere Calo, verbo da cultura castrexa mellor definida e diferenciada daquela outro ámeto que presenta e ten as súas propias singularidades, sen ter que entrar nas dinámicas centro-periferia que tanto se teñen debatido a este propósito. Ogallá podamos pronto abrir novas fiestras na investigación e coñecer os contextos oportunos, dándolle continuidade á programas de investigación de campo que ofrezan os seus resultados ó coñecemento de todos.

HISTORIA DO MUSEO

No ano 1895, a Comisión Provincial de Monumentos Históricos e Artísticos de Ourense decidiu crear un Museo Arqueolóxico Provincial no que se puidesen conservar tódolos testemuños do pasado histórico da provincia e onde se puidesen reunir os dispersos tesouros que formaron parte do Museo de Pinturas, que a propia Comisión establecera en 1845 e que funcionou como tal ata 1852. O Museo abriu ó público ó ano seguinte, en 1896. En pouco tempo as coleccións crearon considerablemente e fíxose necesario un espazo máis amplo, dando lugar ós primeiros traslados, que por sucesivas desgracias non remataron ata o ano 1951. Neste ano adquiriuse a súa actual sede, o edificio que desde o século XII fora Palacio Episcopal.

O EDIFICIO

O edificio onde ten a súa sede o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, adquirido para este fin en 1951, foi con anterioridade Palacio Episcopal. Edificado no primeiro tercio do século XII polo bispo don Diego II (1100-1132), conserva parte do seu núcleo orixinal. A construción deste núcleo prolongouse ata o episcopado de D. Lorenzo (1218-1248), ó que se lle foron engadindo elementos góticos (torre de Santa María), renacentistas (soportais do xardín) e barrocos (portada, patio dianteiro), conformando un monumento singular, que mereceu a declaración de monumento histórico-artístico por Decreto do 3 de xuño de 1931. Durante toda a Idade Media desempeñou un papel destacado na organización urbana.

HORARIO DO MUSEO

Temporalmente permanecerá pechado, por obras de reforma e acondicionamento.

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico. TEXTO: Francisco Fariña Busto . FOTOGRAFÍA: Fernando del Río.

MAQUETA: Araceli Gallego. IMPRIME:A.G. Vicus, S.A.L.

ISSN: 1579-9956 DEPÓSITO LEGAL: VG-153-2003



CONSELLERÍA DE CULTURA,
COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO

Museo Arqueolóxico



XACOBEO'99
Galicia



Praza Maior, s/n. - Telf. 988 22 38 84 - Fax 988 22 37 01 - Apdo. Correos 145 - 32005 OURENSE

